

ÍNDICE XERAL

Afundación, a Obra Social de ABANCA, presenta para este curso 2022-2023 todo un catálogo de actividades ao alcance de todas as idades escolares: artes escénicas, educación financeira, fomento da lectura e a creatividade, actividades interxeracionais, tecnoloxía e programación a través da arte e a natureza. Así coma toda unha batería de conferencias e encontros en que se abordarán problemáticas coma as adiccións, a saúde dixital ou a saúde mental. Esta programación ten como único e primordial propósito ser un apoio para familias e comunidade escolar na súa ardua tarefa de educar. Por iso, o 2022-23 aposta polo talento, a formación en valores, a empatía, a igualdade e a sostibilidade, no marco dunhas actividades aliñadas coa innovación educativa.

Esperamos que nos acompañedes nesta viaxe!

Todo o equipo da área educativa de Afundación agradecemosvos a vosa confianza.

ARTES ESCÉNICAS	4
ARTES PLÁSTICAS E STEAM	14
MEDIO AMBIENTE	28
EDUCACIÓN FINANCEIRA	32
ACTIVIDADES INTERXERACIONAIS	38
FORMACIÓN PARA DOCENTES	40
CONFERENCIAS EDUCACIÓN S. XXI	42
AFUNDACIÓN TV	44
LITERATURA E CONTOS	46
FOTOGRAFÍA	48
NORMAS XERAIS	50
ESPAZOS AFUNDACIÓN	51



ARTES ESCÉNICAS

ACTIVIDADE PRESENCIAL E EN STREAMING CON LINGUA DE SIGNOS



FEO

Teatro de actor

Caramuxo Teatro | GAL |

Infantil (3 a 6 anos) | 45 minutos | 2,5 € escolar

A CORUÑA | FERROL | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA | SANTIAGO DE COMPOSTELA | VIGO

Este espectáculo está inspirado en *O Parrulo Feo* de Hans Christian Andersen. A pequena fábrica de parrulos de goma Il Papero Giallo produce todos os días centos e centos de parrulos do mesmo tamaño e cor, mais un día sae un parrulo diferente...

Un canto á diversidade e á reivindicación da esencia propia, incidindo na importancia de coñecérmonos e aceptármonos como somos.

SÓ

Teatro de actor

Cía. Xampatito Pato | GAL

1º E 2º PRIMARIA | 50 min | 2,5 € escolar

LUGO e OURENSE

Este espectáculo gañador do Premio do Público Festival Malabharía 2020, 2º Premio Panomara Circada 2019, Premio Festival MadnCircus, Premio Zircozaurre, entre outros, falará da **constancia no traballo** a través dun personaxe meticuloso e cuadrículado rodeado de case 100 caixas que só en aparencia son iguais, e coas que irá dando forma a un mundo imaxinario.





LA AVENTURA DE ABURRIRSE

Teatro de monicreques/ actor

L'estaquirote Teatre | CAS

1º E 2º PRIMARIA | 55 minutos | 2,5 € escolar

PONTEVEDRA, SANTIAGO DE COMPOSTELA e VIGO

Con case 50 anos de traballo ás súas costas, L'estaquirote Teatre falará sobre **a motivación da creatividade e como facer reflexionar sobre a xestión do tempo á xente miúda.**

Rita é unha nena que a pesar de ter moitos xoguetes, sempre anda aburrída e non sabe xogar soa. Un día na casa da súa avoa, cun simple parruliño de goma, comeza unha aventura que a levará a viaxar coa imaxinación ao mundo das cores, descubriendo personaxes sorprendentes...

EL RATÓN VIAJERO

Teatro de monicreques/ actor

L'estaquirote Teatre | CAS

1º E 2º PRIMARIA | 55 min | 2,5 € escolar

A CORUÑA e FERROL

Unha odisea sensacional que emprende un ratiño delicado, valente e encantador.

A obra fala sobre **descubrir e aprender a vivir**, e a viaxe é un medio fantástico para descubrir novas paisaxes e novas vidas, aprender a desfrutar e manter activas as grandes emocións e valorar as cousas que temos.





NAUTILUS, 20.000 LEGUAS DE VIAJE SUBMARINO

Teatro de actor

Cía. La Negra | CAS

3º E 4º PRIMARIA | 60 min | 2,5 € escolar

A CORUÑA | FERROL | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA | SANTIAGO DE COMPOSTELA | VIGO

Gañadora **do premio FETEN 2020 á Mellor proposta orixinal pola súa sensibilización medioambiental**. *Nautilus* é unha versión da clásica novela de aventuras *20.000 leguas de viaxe submarino* cunha lectura actual, comprometida e preocupada pola conservación dos océanos e do noso planeta.

WHAT MONSTER?

Teatro de actor


On Stage Company | ING

5º E 6º PRIMARIA | 65 min | 2,5 € escolar

A CORUÑA | FERROL | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA | SANTIAGO DE COMPOSTELA | VIGO

Que acontecería se un monstro te axudara a enfrontarte a aquilo que che arrepía? A lei dos monstros é clara: toda axuda ten un prezo! Quererías pagalo?

Esta divertida obra de teatro artículase a partir da **participación do público, unha experiencia práctica e divertida para asimilar novos coñecementos e aprender a expresarse en inglés**.





CÍCLOPE

Teatro de monicreques/ actor

Zarándula S.C. | CAS
Teatro de actor | 4º A 6º PRIMARIA | DE BALDE!
SANTIAGO, A CORUÑA, PONTEVEDRA e VIGO

PROGRAMA DE
EDUCACIÓN
FINANCEIRA



*(Posibilidade de facelo en streaming para o resto do territorio nacional).

Nunha clase do instituto, tres estudantes falan sobre a viaxe de fin de curso e o que van ter que facer para conseguir recadar o diñeiro que precisan. Ningún ten unha familia que poida asumir o gasto e menos despois da pandemia. Levan meses sen poder saír, así que esta viaxe é unha fuxida, a súa busca do paraíso, a viaxe a Ítaca! Para conseguiren este soño, embarcaranse en decisións que porán en risco a súa economía, a de amizades e familia... porán en risco a súa saúde financeira e a súa saúde persoal.

Información e reservas en educacionfinanciera@afundacion.org

CICLO DE CINEMA SUBMARINO

CINEMA DOCUMENTAL

Colabora a Universidade de Vigo
5º e 6º PRIMARIA, 1º e 2º ESO

Proxección de documentais para coñecer e poñer en valor o ecosistema do noso planeta.

CINEMA SUBMARINO

5º e 6º PRIMARIA | 9 NOV | 10.00 e 12.00 h
1º e 2º ESO | 10 NOV | 10.00 e 12.00 h





THE MOVIE

Teatro de actor

On Stage Company | ING

1º A 4º ESO | 65 min | 2,5 € escolar

A CORUÑA | FERROL | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA | SANTIAGO DE COMPOSTELA | VIGO

O teatro participativo é a ferramenta máis útil, práctica e divertida para aprender o inglés.

Edgard e Patricia son dous rapaces que se acaban de licenciar e dispóñense a revolucionar o mundo do cine. Saben emprender, teñen ideas orixinais, e un guiión extraordinario! Unha viaxe para reinventar a sétima arte e formar parte do equipo da que será, sen ningunha dúbida, a obra de arte máis xenial, catastrófica e divertida do século XXI.

AMANTIS

Teatro de actor

Rebordelos | GAL


3º E 4º ESO E BACHARELATO | 60 min | 2,5 € escolar

A CORUÑA | SANTIAGO DE COMPOSTELA | VIGO

Como inflúe o mundo dixital na persoa que somos e na que queremos ser?

Igualdade, novas masculinidades, adolescencia, nativxs dixitais, fenda xeracional ou identidade son algúns dos temas sobre os que tratará este espectáculo unipersoal que conxuga música, humor e acidez, convocando aos teatros diferentes xeracións para reflexionaren en común sobre os retos, dificultades e pegadas culturais da era dixital.

ENCANTRO! Este espectáculo irá unido a un encontro virtual con Patricia Gómez Salgado, doutora en Psicoloxía e especializada en Educación emocional, onde se reflexionará **sobre o uso da Internet entre adolescentes.**





CALENDARIO DE TEATRO

PRESENCIAL | STREAMING CON LINGUA DE SIGNOS
(funcións marcadas cun asterisco)

SANTIAGO DE COMPOSTELA | Auditorio ABANCA

AMANTIS 24 out | **LA AVENTURA DE ABURRIRSE** 28 e 29 nov | **CÍCLOPE** nov | **THE MOVIE** 11 xan | **WHAT MONSTER?** 2 e 3 feb | **NAUTILUS** 20 mar | **FEO!** 12 e 13 abr

En todas as datas dúas funcións ás 10.00 e 12.00 h,
agás en *Amantis* só ás 12.00 h

A CORUÑA | Sede Afundación

AMANTIS 26 out (función) nov (*encontro data por determinar) | **CÍCLOPE** nov | **EL RATÓN VIAJERO** 20 dec (*10.00 h) | **THE MOVIE** 12 xan | **WHAT MONSTER?** 23 e 24 feb | **NAUTILUS** 3 mar | **FEO!** 20 e 21 abr

En todas as datas dúas funcións ás 10.00 e 12.00 h,
agás en *Amantis* só ás 12.00 h

FERROL | Sede Afundación

EL RATÓN VIAJERO 21 dec | **THE MOVIE** 13 xan | **WHAT MONSTER?** 27 e 28 feb | **NAUTILUS** 17 mar | **FEO!** 5 e 8 mai

En todas as datas dúas funcións ás 10.00 h e 12.00 h

LUGO | Auditorio Municipal Gustavo Freire

SÓ 15 nov | **THE MOVIE** 16 xan | **WHAT MONSTER?** 6 e 7 feb | **NAUTILUS** 21 mar | **FEO!** 24 e 25 abr

En todas as datas dúas funcións ás 10.00 h e 12.00 h



OURENSE | Auditorio Municipal

SÓ 29 e 30 nov (*10.00 h) | **THE MOVIE** 10 xan | **WHAT MONSTER?** 8, 9 e 10 feb | **NAUTILUS** 14, 15 e 16 mar | **FEO!** 9 e 10 mai

En todas as datas dúas funcións ás 10.00 h e 12.00 h

PONTEVEDRA | Sede Afundación

CÍCLOPE nov | **LA AVENTURA DE ABURRIRSE** 21 a 24 nov | **THE MOVIE** 23 e 24 xan
WHAT MONSTER? 13 a 16 feb | **NAUTILUS** 27 feb a 2 mar | **FEO!** 14 a 19 abr

En todas as datas dúas funcións ás 10.00 h e 12.00 h

VIGO | Teatro Afundación

AMANTIS 2 nov (*10.00 h) | **CÍCLOPE** nov | **LA AVENTURA DE ABURRIRSE** 14 a 18 nov (*16 nov 10.00 h) | **THE MOVIE** 17 a 20 xan (*18 xan 10.00 h) | **WHAT MONSTER?** 25 xan a 1 feb (*1 feb 10.00 h) | **NAUTILUS** 6 a 13 mar (*8 mar 10.00 h) | **FEO!** 26 abr a 4 mai (*3 mai 10.00 h)

En todas as datas dúas funcións ás 10.00 h e 12.00 h





MÚSICA A FLOR DE PEL

Microconcertos | EDUCACIÓN ESPECIAL | DE BALDE!

Conscientes da importancia da música como canle de comunicación, e incentivo para melloras cognitivas, socio-emocionais e motrices, desde Afundación continuamos co programa presencial de acceso á música en directo dirixido a todos os Centros de Educación Especial de Galicia. Unha actividade intensa en emocións e sentimentos que permite gozar dunha xornada festiva, divulgativa e musical.

A música axuda nenas e nenos e mocidade con necesidades especiais a melloraren o seu desenvolvemento sensorial e perceptivo, a unha maior sensibilización afectiva e emocional, a desenvolveren a atención, observaren a realidade, facilitaren o establecemento de relacións interpersoais, entre outros beneficios.

ESPAZOS

A actividade realizarase nos propios centros de Educación Especial, en interior ou exterior segundo as condicións meteorolóxicas.

CALENDARIO

OUT a NOV 2022 e MAI a XUÑ 2023

INSCRICIÓNS

Contactarase telefonicamente cos centros para que se poidan anotar na actividade de estaren interesados.



ARTES PLÁSTICAS E STEAM



ACTIVIDADE PRESENCIAL | CENTROS AFUNDACIÓN

A Coruña

AI: MORE THAN HUMAN

Visitas comentadas e obradoiro

ESO, BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS*

Presentamos «AI: More than Human», un ambicioso proxecto expositivo inmersivo e interactivo sobre intelixencia artificial. Cunha imponente montaxe que ocupará todo o edificio, a mostra configura un estudo sen precedentes dos avances tanto creativos coma científicos da intelixencia artificial, así coma da evolución da relación entre os seres humanos e a tecnoloxía.

- Visita comentada | 1 hora | 2 € escolar

*Para outras idades escolares ou máis información e reservas, consultar no 981 185 060 ou en areaeducativacoruna@afundacion.org

Tamén actividades para familias! Infórmate polo miúdo en www.afundacion.org

Sede Afundación A Coruña, Cantón Grande, 8





Ferrol

FERROL NO TEMPO

Visitas obradoiro e comentadas

INFANTIL, PRIMARIA, ESO, BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS

Esta exposición forma parte do proxecto global CIDADES NO TEMPO, co que pretendemos pór en valor a identidade urbana de Galicia a través de sete mostras sobre cada unha das sete cidades galegas. Trátase dunha das propostas máis complexas e ambiciosas organizadas na nosa comunidade nos últimos anos. Cada exposición explora a singularidade de cada unha das urbes, diferentes entre si, mais fortemente conectadas.

- Visita obradoiro STEAM | INFANTIL A 3º PRIMARIA | 2 € escolar
Ímolo pasar "Pirata"! Nunha cidade que destaca por ser unha auténtica fortaleza militar, coarásenos un pirata de carne e óso.
- Visita obradoiro STEAM | 4º PRIMARIA A 2º ESO | 2 € escolar
Ferroláns, cidadáns de ferro. Ferrol, terra de ferro, inspirará esta viaxe no tempo.
- Visita comentada | 3º ESO A BACHARELATO E C.F. | 2 € escolar
Ferrol no tempo. Historia, sociedade e economía na cidade de Ferrol.

Información e reservas: 981 330 280 | areaeducativaferrol@afundacion.org

Sede Afundación Ferrol, Praza da Constitución, s/n





Santiago de Compostela

MIIC 4: IMAXINARIA

Visitas obradoiro e comentadas

INFANTIL, PRIMARIA, ESO, BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS

Esta cuarta edición xira en torno ao concepto do imaxinario, o onírico e emocional, resaltando o seu carácter creativo, que xorde da imaxinación e cun alto compoñente simbólico.

- Visita obradoiro STEAM | INFANTIL A 3º PRIMARIA | 2 € escolar
Tormenta de ideas. Mergullaremos e xogaremos a imaxinar e crear. E ollo! igual precisamos dun paraugas para que non nos anegue a tempestade de ideas...
- Visita obradoiro STEAM | 4º PRIMARIA A 2º ESO | 2 € escolar
Ocupado! Cerebros imaxinando. A imaxinación e a creatividade como roles dunha divertida viaxe pola ilustración máis surrealista.
- Visita comentada | 3º ESO A BACHARELATO E C.F. | 2 € escolar
Imaxinaria. A arte e a ilustración.

Información e reservas: 981 552 577 | areaeducativacompostela@afundacion.org

[Sede Afundación Santiago de Compostela, Rúa do Vilar, 19](#)





Lugo

INDÓMITAS: Historias que abren camiños

Visitas obradoiro

INFANTIL, PRIMARIA, ESO, BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS

O proxecto, enmarcado no ODS número 5 pola Igualdade de xénero, reflexiona sobre o momento decisivo actual no eido da igualdade entre homes e mulleres, presentando varias mulleres pioneiras nas súas profesións e que son referentes hoxe e para as xeracións vindeiras.

- Visita obradoiro STEAM | INFANTIL A 3º PRIMARIA | 2 € escolar
Dime espelliño máxico quen é a moza máis intelixente e capaz... A madrastra de Brancaneves xa non é mala e Brancaneves cansou de limpar. Neste lugar xa nada é o que semella e todo é o que quere aparentar...
- Visita obradoiro STEAM | 4º PRIMARIA A 2º ESO | 2 € escolar
Contos para reescribir. Menos mal que estamos todas e todos nós para poñermonos no noso sitio e darlle un bo lugar ao resto de persoas.
- Visita obradoiro | BACHARELATO e C.F. | 2 € escolar
Indómitas. Historias de superación, historias de igualdade.

Información e reservas: areaeducativalugo@afundacion.org | 636 991 776

Sede Afundación Lugo, Praza Maior, 16





Pontevedra

THIS IS POP: Das latas de Andy Warhol ás túas

Visitas obradoiro

INFANTIL, PRIMARIA, ESO, BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS

A arte pop foi un movemento xurdido a finais da década de 1950 en Reino Unido e Estados Unidos como reacción artística ante o expresionismo abstracto que se caracterizou polo uso de imaxes e temas tomados da sociedade de consumo e da comunicación de masas aplicados á arte. Andy Warhol, Roy Lichtenstein, Richard Hamilton, Peter Blake, Yayoi Kusama, Equipo Crónica, Rafael Canogar, Damien Hirst, Takashi Murakami, Jeff Koons, Shepard Fairey (Obey), Boamistura e Banksy, entre outros.

- Visita obradoiro STEAM | INFANTIL A 3º PRIMARIA | 2 € escolar
Non STOP para a arte POP. Un divertido xogo de pistas para coñecer e achegármonos á cultura pop, clave e referencia do mundo do cómic, a televisión, o cinema e a música.
- Visita obradoiro STEAM | 4º PRIMARIA A 2º ESO | 2 € escolar
Comeríate a versos! Unha viaxe desde os anos 50 do século XX até a actualidade, da man dunha das manifestacións artísticas máis representativas da cultura da posmodernidade.
- Visita obradoiro STEAM | 3º ESO, BACHARELATO e C.F. | 2 € escolar
This is pop. Unha viaxe pola arte pop desde as súas orixes á actualidade.

Información e reservas: 986 333 210 | areaeducativapontevedra@afundacion.org

Café Moderno de Pontevedra, Praza de San Xosé, 3





Vigo

SOÑO DE NAVEGANTE. Colección de Arte Cubano Contemporáneo Luciano Méndez Sánchez

Visitas obradoiro


INFANTIL, PRIMARIA, ESO, BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS

Esta mostra convida a realizar un percorrido pola arte cubana contemporánea dos últimos 50 anos, transitando por diferentes temáticas e estilos. Están presentes 26 artistas da illa con obras intensas, potentes, cargadas de todo o expresionismo caribeño, mais tamén reflexivas, introspectivas e dunha gran carga emocional. A poesía, o retrato social, a historia e as raíces culturais de Cuba nun retrato plural.

- Visita obradoiro STEAM | INFANTIL A 3º PRIMARIA | 1 h 30 | 2 € escolar
A rosa dos ventos. Unha rosa dos ventos recíbenos, debemos chegar ao outro lado do océano Atlántico e arte e artistas alén mar axudarannos a acadalo...
- Visita obradoiro STEAM | 4º PRIMARIA A 2º ESO | 2 h | 2 € escolar
A unha illa do Caribe... Remaremos en equipos polas magníficas augas caribeñas na busca da identidade e as influencias da arte cubana.
- Visita obradoiro STEAM | 3º ESO, BACHARELATO E C.F. | 2 h | 2 € escolar
Soño de navegante. Unha sorprendente e completa viaxe pola arte cubana contemporánea.

Información e reservas: areaeducativavigo@afundacion.org | 986 129 032

Sede Afundación Vigo, Policarpo Sanz, 26





Vigo

CONSERVA. Unha instalación de Jorge Perianes para Cultura por Alimentos

Visitas creativas e comentadas


INFANTIL, PRIMARIA, ESO, BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS

O prestixioso artista Jorge Perianes alíase co proxecto social Cultura por Alimentos de Afundación, deseñando unha espectacular instalación que será a protagonista da exposición CONSERVA. Unha reflexión e homenaxe ao traballo das mulleres nas conserveiras da cidade de Vigo que pretende animar as persoas visitantes a doar latas de conservas na propia sala de exposicións, que serán destinadas aos Bancos de Alimentos da cidade a través da colaboración con FESBAL.

- Visita creativa | INFANTIL A 3º PRIMARIA | 1 h | 2 € escolar
Dando a lata
- Visita creativa | 4º PRIMARIA A 2º ESO | 1 h 30 | 2 € escolar
Lingotes en conserva
- Visita comentada | 3º ESO, BACHARELATO e C.F. | 1 h 30 | 2 € escolar
Conserva. Unha instalación de Jorge Perianes para Cultura por Alimentos

Información e reservas: areaeducativigo@afundacion.org | 986 129 032

Teatro Afundación Vigo, Policarpo Sanz, 13





Ourense

LA PALMA. VOLCÁN E VIDA

Visitas creativas e comentadas

INFANTIL, PRIMARIA, ESO, BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS

Os volcáns son un dos fenómenos máis brutais da natureza. A erupción en Cumbre Vieja (La Palma) lémbra-nos este carácter inclemente e devastador, mais tamén a forza determinante do ser humano para se sobrepoñer á traxedia e abrir novos escenarios de vida.

Esta exposición pretende narrar en primeira persoa como se viviu este fenómeno desde a illa da Palma para que, desde o coñecemento, nos sintamos máis próximos á comunidade palmeira, e coñezamos mellor este fenómeno natural cos seus aspectos físicos e biolóxicos, así como coas súas repercusións a nivel humano.

- Visita creativa | INFANTIL A 3º PRIMARIA | 1 h 30 | 2 € escolar
Un dragón durmido que cuspe lume e non deixa de roncar
- Visita creativa | 4º PRIMARIA A 2º ESO | 1 h 30 | 2 € escolar
Drons a 1.000 graos. Viaxe ao centro dun volcán
- Visita comentada | 3º E 4º ESO, BACHARELATO e C.F. | 1 h 30 | 2 € escolar
O volcán de La Palma

Información e reservas: areaeducativaourense@afundacion.org | 988 391 746

Sala de Exposicións Afundación, Praza Maior, 4





Ourense

PLÁSTICA CASTREXA

Visitas obradoiro

INFANTIL, PRIMARIA, ESO, BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS

Importantísimo traballo dedicado á arqueoloxía galega. Labras en pedra, figurativas, simbólicas ou decorativas da nosa prehistoria, coa referencia do historial das escavacións e da bibliografía básica, repertorio que deica agora non tiñamos e que vai ser da meirande utilidade para xente da investigación e a docencia, e mesmo para quen gusten de seguir as rutas da antigüidade nas súas viaxes.

- Visita obradoiro | INFANTIL A 3º PRIMARIA | 1 h 30 | DE BALDE!
Antepasadxs picapedra
- Visita obradoiro | 4º PRIMARIA A 2º ESO | 1 h 30 | DE BALDE!
Atlantes de martelo e cicel
- Visita obradoiro | 3º ESO, BACHARELATO e C.F. | 1 h 30 | DE BALDE!
Plástica Castrexa

Información e reservas: areaeducativaourense@afundacion.org | 988 391 746

[Sala de Exposicións Afundación, Praza Maior, 4](#)





Outras localidades

CORRENTE CULTURAL

Programa de exposicións itinerantes polas vilas de Galicia, un xeito de chegarmos coa arte a máis espazos e xerar unha rede cultural de calidade para todos e todas.

En colaboración cos concellos galegos.

- **BARBADÁS**
NÓS TAMÉN FOMOS EMIGRANTES
Visitas obradoiro STEAM | 17 e 18 out
INFANTIL, PRIMARIA, ESO, BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS
- **BOIRO**
O NOSO PLANETA
Visitas obradoiro STEAM | 14 e 15 nov
INFANTIL, PRIMARIA, ESO, BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS

Máis información: 604 005 385 | areaeducativa@afundacion.org.

E tamén podes consultar a nosa web <https://www.afundacion.org/ga/area-educativa> para ires sabendo ao longo do ano de máis propostas de Corrente Cultural por todos os concellos de Galicia, ademais doutros recursos didácticos para escolares!





EDUCACIÓN EN VALORES

ACTIVIDADE ITINERANTE | CENTROS EDUCATIVOS DE GALICIA

TODAS E TODOS CONTAMOS

Xornada escolar inclusiva con actividades para a arte e a creatividade, impartidas por persoas con diversidade funcional.

INFANTIL, PRIMARIA, 1º e 2º ESO
Máximo 100 participantes/ mínimo 85
Nun contexto onde a superación das desigualdades sociais é xustamente a base en que se fundamenta a articulación da economía social, desde Afundación lanzamos este programa presencial para todos os centros de Galicia co que, **a través de diferentes actividades culturais, o alumna-**

do participe do valor da diversidade. Esfuerzo, empatía, aceptación do diferente, reforzo da autoestima ou o respecto son algunhas das ensinanzas presentes na actividade, impartida por persoas con diversidade funcional, mediante as que podemos mellorar a sensibilidade afectiva e emocional, favorecer unha sociedade equitativa, xusta e diversa e facilitar o establecemento de relacións interpersoais.

Esta anovadora proposta pon en valor a diversidade como elemento de enriquecemento social e persoal, fomenta a inserción laboral de persoas con diversidade funcional e promove a súa autoestima e confianza ao exercer un rol activo na sociedade.





- **Contacontos e obradoiro** | INFANTIL E 1º PRIMARIA | 3 € escolar
Contacontos **LA FAMILIA** narrará un conto creado pola Fundación IgualArte, con linguaxe de signos que fala das familias diversas: monoparentais, numerosas, con dous pais, dúas nais, etc. Logo do conto, no obradoiro **Creando a miña familia**, cada nena e neno creará un bonito móbil colgante coas persoas da súa casa.
- **Circuíto circense** | 2º, 3º E 4º PRIMARIA | 3 € escolar
Nun espazo amplo crearán o seu propio circo. Colocarase un circuíto con diferentes estacións en que o alumnado terá que realizar actividades de equilibrio, puntería e acrosport. Ademais, caracterizaranse de diferentes personaxes con perrucas e outros complementos e realizarán unha pequena representación.

As actividades circenses destacan polo seu carácter anovador e motivador. Fomentan valores educativos coma a mellora da convivencia, a cooperación, o aumento da autoestima persoal e grupal, o coñecemento e control do propio corpo e a superación de límites.

- **Globoflexia** | 5º E 6º PRIMARIA | 3 € escolar
O alumnado saberá primeiramente dos principios da globoflexia, para logo practicar esta técnica artística que emprega a torsión como elemento modelador. Comezarán polo básico para conseguiren ao final do obradoiro facer unha gran figura composta.

A globoflexia na área educativa permite fomentar a creatividade e a imaxinación para obter formas complexas e orixinais.





- **Proxección de curtametraxes** | 1º E 2º ESO | 3 € escolar
Dúas curtas de temática inclusiva, realizadas pola Fundación IgualArte:

Con lupa. Unha historia cotiá e íntima, construída sobre os xestos e os silencios. Preséntase un abano de olladas que revelan a incomodidade de cada situación descrita, e en cada unha delas subxacen os nosos prexuízos e medos.

Por eso. Narra a historia dunha moza con diversidade funcional que ten a inquedanza de prolongar os seus estudos. Acode a se inscribir nun ciclo medio, porén, cando chega á secretaría do centro educativo, atópase con barreiras inesperadas. Esta curtametraxe trata de reivindicar a igualdade de oportunidades educativas.

Ao remataren as proxeccións, abrírase un pequeno debate sobre as mensaxes e reflexións tiradas das curtas, no que participarán tamén algunhas das actrices ou actores protagonistas. A modo de peche, cada escolar fará un collage sobre a temática tratada.

ESPAZOS


Actividades presenciais nos propios centros escolares

CALENDARIO

2º e 3º trimestre do curso escolar

INSCRICIÓNS

No 986 120 089 | Pago mediante transferencia bancaria





MEDIO AMBIENTE



ACTIVIDADE ITINERANTE | CENTROS EDUCATIVOS DE GALICIA

PLANTANDO ÁRBORES CON PINCEIS

Obradoiro creativo | 3º A 6º PRIMARIA, ESO E BACHARELATO | 4 € escolar
Máximo 100 participantes/ mínimo 85

Este **proxecto escolar pola sostibilidade**, une cultura e coidado medioambiental a través da realización dun mural no cole. **Murais artísticos, colaborativos e ecolóxicos con pinturas fotocatalíticas anticontaminación** que absorben e depuran os contaminantes que hai no aire, coma os óxidos de nitróxeno e outros gases contaminantes da industria e o tráfico rodado.

Unha anovadora proposta que ten como obxectivo achegar ao alumnado unha mensaxe positiva sobre o coidado da contorna, propondo alternativas de lecer que fomenten o respecto ao medio natural a través da arte, cunha metodoloxía participativa e colaborativa.

O proxecto consistirá en coordinar o estudantado participante para pintar un mural con estas pinturas e con temáticas

relacionadas coa reforestación, na parede que escollo o centro escolar.

A actividade complétase cun obradoiro de pintado de bolsas de tea..

ESPAZOS

Actividade presencial nos propios centros escolares. En interior ou exterior, segundo as condicións meteorolóxicas.

IDIOMA

Galego

CALENDARIO

Durante todo o curso escolar

INSCRICIÓNS

No 986 120 089

Pago mediante transferencia bancaria





NATURNOVA Centro Interactivo de Educación Medioambiental Vigo

Descubre como é o mundo que nos rodea, o importante que é coidalo e como conservalo dunha maneira sostible! Nas diferentes salas temáticas de Naturnova exploramos o Universo, o planeta Terra, o ser humano e o seu medio. Tocando unha nube, escoitar unha treboada, gozar dun simulador submarino ou mesmo crear paisaxes en area son cousas que se poden facer interactuando cos módulos do centro.

ACTIVIDADE PRESENCIAL Naturnova

O MUNDO DOS BOSQUES

Visita do vestíbulo, Sala 1 e Submarino |
INFANTIL, 1º E 2º PRIMARIA | 60 min | 1
€ escolar | Máx. 32 participantes

Por que son tan importantes os nosos bosques? Cales son as árbores típicas en cada estación? Como debemos coidalas? Aprenderemos todo isto do xeito máis divertido: mediante contos e xogos.

AUGA, O LÍQUIDO PREZADO

Visita completa | 1º A 4º PRIMARIA | 90
min | 1 € escolar | Máx. 65 participantes

Experimentos, viaxes en submarino, estado e ciclos da auga son algúns dos misterios que podes descubrir no noso centro de maneira interactiva e lúdica.

DESCUBRINDO OS MISTERIOS DO SOL

Visita completa | INFANTIL (5 anos) E 1º E
2º PRIMARIA | 90 min | 1 € escolar | Máx.
65 participantes

Aprende diferentes curiosidades do sol e anda con tino para resolveres as dúbidas da astronauta Pintafontes.

DESAFÍO NATURNOVA

Visita completa | 3º A 6º PRIMARIA, ESO
E BACHARELATO | 90 min | 1 € escolar |
Máx. 65 participantes





Goza cos módulos interactivos do centro e resolve o desafío que propón Pin tafontes.

GALICIA E A SÚA CONTORNA

Visita do vestíbulo, submarino e salas 2 e 3 | 4º A 6º PRIMARIA E 1º ESO| 90 min | 1 € escolar | Máx. 32 participantes

Aprende todo o relacionado co medio ambiente galego: as fontes de enerxía, os solos, axentes xeográficos,... todo da maneira máis interactiva.

ACTIVIDADE ITINERANTE Centros educativos de Galicia

AULA STEAM | NATURNOVA

PROGRAMANDO O UNIVERSO

4º A 6º PRIMARIA | 3 € escolar

Utilizando dispositivos dixitais aprenderás a modelar o teu propio universo e a dotalo de interactividade e son. Utilizaremos o programa Scratch e unha placa electrónica chamada Micro:bit.

COIDANDO DAS NOSAS AVES

4º PRIMARIA A 2º ESO | 3 € escolar

Programamos con Makecode e coa placa Micro:bit de maneira moi sinxela para aprender todo o relacionado co Plan de conservación territorial-ON **Plancton**, a Rede Natura 2000 e saber como protexer as nosas aves mariñas.

Información e reservas:


www.escolares.afundacion.org

naturnova@afundacion.org

986 120 088

Naturnova

Velázquez Moreno, 18-20, Vigo





EDUCACIÓN FINANCEIRA



ACTIVIDADES PRESENCIAIS | CENTROS EDUCATIVOS DE GALICIA

GRAND PRIX FINANCIERO: XOGAMOS A SER MAIORES?

Divírtome aprendendo a aforrar!

Programa Eduemprende, Xunta de Galicia | Xogo de finanzas | 1º A 6º PRIMARIA | DE BALDE!

O público infantil aprende con este xogo que o diñeiro non aparece por arte de maxia. Aprenden a xestionar os cartos a través de distintas fases do xogo.

Prazas limitadas!

AS TÚAS FINANZAS, O TEU FUTURO

Obradoiros | 3º e 4º de ESO | DE BALDE!

En coordinación coa Fundación Junior Achievement, persoal voluntario de ABANCA e Afundación impartimos este programa que se desenvolve en colexios. Nas sesións abórdanse temáticas de orzamento doméstico, consumo responsable ou ciberseguridade.

Inscricións **FEB 2023** | Prazas limitadas!
Máis información e reservas en educacionfinanciera@afundacion.org

PON O TEU DIÑEIRO A SALVO! | 1ª edición

Obradoiros | 3º e 4º de ESO | DE BALDE!

A educación é o primeiro paso para facer fronte aos riscos existentes hoxe en materia de ciberseguridade. De aí a necesidade de que a xente nova coñeza as ameazas e os comportamentos que poden provocar fraude nas contornas dixitais.

Este proxecto educativo pretende promover hábitos seguros, baseándonos na idea de que mentres a xuventude usa Internet de xeito consciente e controlado, podemos promover unha actitude de alerta e sospeita ante mensaxes cativadoras, páxinas web dúbidasas ou ofertas enganosas.

Inscricións **OUT 2023**

Máis información e reservas en educacionfinanciera@afundacion.org





PREPARADOS PARA O SALTO

Programa Eduemprende, Xunta de Galicia | Conferencia | ESO, BACHARELATO E C.F. | DE BALDE! | PRESENCIAL/ STREAMING

Estamos dentro dun proceso en que a tecnoloxía está a transformar o noso xeito de vivir e traballar, e cun efecto directo sobre a xestión das nosas finanzas persoais e a seguridade que hoxe nos esixe o mundo dixital.

Nunha conferencia de 50 minutos, abordamos os retos que marcarán a evolución da economía, facendo especial fincapé na necesidade de mellorar o nivel do coñecemento das finanzas persoais para mellorar o nivel de alfabetización financeira.

Prazas limitadas! | Máis información e reservas en educacionfinanciera@afundacion.org

A FÁBRICA DOS PLANADORES

Obradoiro de iniciativa emprendedora | ESO, BACHARELATO E C.F. | 3 horas | DE BALDE!

O obxectivo é comprender o fluxo económico e financeiro que se xera na actividade de fabricar planadores, facendo o balance e a conta de resultados dun ano de actividade da súa empresa. Paralelamente esta actividade permite fomentar o valor do traballo en equipo e a súa importancia na obtención de resultados.

Inscripcións OUT 2023 | Prazas limitadas! | Máis información e reservas en educacionfinanciera@afundacion.org





COMO ELABORAR UNHA TENDA VIRTUAL CON FERRAMENTAS DE PAGO DIXITAIS

Obradoiro | BACHARELATO E C.F. | 60 min | DE BALDE!

Programa Eduemprende, Xunta de Galicia – Rede de centros C.F. de Galicia

Proxecto dirixido a alumnado, prioritariamente, das familias profesionais de Comercio e Marketing e de Administración e Xestión en Formación Profesional. Céntrase na evolución e o funcionamento das últimas tendencias dos diferentes dispositivos de medios de pago.

SET a OUT 2023 | Prazas limitadas! | Máis información e reservas en educacionfinanciera@afundacion.org

EMPRESA FAMILIAR NA AULA | 3ª edición

Programa de emprendemento | 3º, 4º ESO, BACHARELATO E C.F. | DE BALDE!

CENTROS EDUCATIVOS onde se ubican as diferentes empresas familiares participantes.

Esta iniciativa de carácter nacional, que en Galicia organizan conxuntamente Afundación e a Asociación Galega da Empresa Familiar, ten como finalidade dar a coñecer o papel e a relevancia das empresas familiares na economía e na sociedade, e fomentar o emprendemento entre a xuventude a través do contacto directo co mundo empresarial.

O programa concrétase na impartición de conferencias de destacadas personalidades do eido empresarial galego de carácter familiar en colexios e institutos, ao que se suma a realización de visitas das alumnas e alumnos ás empresas participantes.

Inscripcións OUT 2023 | Prazas limitadas! | Máis información e reservas en educacionfinanciera@afundacion.org





ACTIVIDADE PRESENCIAL E EN LIÑA

SEGURA-MENTE ABANCA | 5ª edición

Xogo de taboleiro dixital | 4º A 6º PRIMARIA, ESO, BACHARELATO E C.F. | DE BALDE!
Poderán xogar desde a propia aula ou en liña!

Aventura inmersiva que conecta co alumnado retándoo desde a súa realidade cotiá a planificar unha viaxe. E que mellor viaxe có Camiño de Santiago?

O programa, ademais, busca sensibilizar nenos, nenos e mocidade en xeral sobre a prevención de riscos e valorar a importancia dos seguros coma unha inversión ante os imprevistos da vida.

Inscricións OUT 2023 | Prazas limitadas! | Máis información e reservas na web
<https://www.programaseguramenteabanca.com/>

ABANCA YOUNG BUSINESS TALENT | 4ª edición


Simulador | ESO, BACHARELATO E C.F. | DE BALDE!

Simulador empresarial en que o alumnado tomará todo tipo de decisións sobre Marketing, Recursos Humanos e Finanzas.

Trátase dun programa único a nivel nacional, que permite adquirir experiencia e vivir o que sería a xestión dunha empresa no mundo real.

Particípase nunha competición a nivel rexional, e se o equipo resulta gañador promociona á competición nacional, o que supón un aliciente apaixonante.

Información e reservas na web <https://www.youngbusinesstalents.com/>





ACTIVIDADES EN LIÑA

A TOLA AVENTURA DO AFORRO

Obradoiro | 1º A 6º PRIMARIA | DE BALDE!

Un grupo de habitantes dun Planeta Moitolo, a millóns de galaxias de aquí, despois de viviren moitas aventuras, agora deciden cumprir o seu gran soño de se poderen mudar ao noso planeta! Para conseguilo, precisan facer un grande esforzo. Queredes acompañar os nosos amigos e amigas nesta nova aventura? Virialles moi ben a vosa axuda para atoparen un novo fogar e aprender a xestionar os seus gastos!

Información e reservas na web <https://lalocaaventuradelahorro.afundacion.org/>


CONTACONTOS FINANCEIRO

Pílulas de teatro dixital | 4º A 6º PRIMARIA | DE BALDE!

En base a contos tradicionais, moi coñecidos por pais e nais e curiosamente presentes no imaxinario popular, poñemos a andar estas pequenas teatralizacións virtuais coas que tiramos unha ensinanza final ligada á temática financeira.

- **O REI MIDAS** | Transmite un concepto erróneo do sentido do aforro, unicamente como acumulación de riqueza, con independencia do seu uso ou da súa utilidade.
- **A GALIÑA DOS OVOS DE OURO** | Traballa o concepto do desbaratamento en contra da importancia do aforro.
- **BARBA AZUL** | Consumismo e dependencia do diñeiro son os temas que trata por enriba do sentido común.

Solicita o enlace de visualización en educacionfinanciera@afundacion.org





ACTIVIDADES INTERXERACIONAIS



O VALOR DA EXPERIENCIA

Propostas educativas baseadas na experiencia das persoas maiores, onde se fomenta o diálogo, a cooperación e o entendemento entre as distintas xeracións.

FÁLAME DA EMIGRACIÓN

Encontros experienciais | 2º E 3º PRIMARIA | DE BALDE!

As historias de vida das persoas maiores na emigración son o eixe do programa, articulado a través de dous encontros nos institutos que veñen precedidos dun traballo preparatorio que se apoia en material e recursos didácticos. Maiores e estudantes comparten experiencias, reflexións e emocións, establecendo relacións baseadas no respecto mutuo.

Para o estudiantado supón a oportunidade de coñecer a historia da emigración da man dos seus protagonistas e de aprender valores de emprendemento, esforzo, superación e adaptación; para as persoas maiores que participan como voluntarias da iniciativa, sentírense escoitadas, útiles e recoñecidas; e para a comunidade educativa en xeral, poder experimentar con novas modalidades de aprendizaxe non formal.

FALAMOS DA ESCOLA

Encontros experienciais | 4º ESO E 1º BACHARELATO | DE BALDE!

A narración das experiencias escolares e circunstancias de vida das persoas voluntarias nadas nas décadas dos anos 30, 40 e 50 do século pasado son o eixe principal deste programa. Este encontro favorece que a xente nova se faga consciente e valore que o dereito á educación universal é un logro moi recente do que as persoas maiores non puideron gozar.

Falar da escola vencella maiores e xuventude que dialogan no primeiro encontro desde a perspectiva histórica que ofrece a relación interxeracional e a tensión creativa de experiencias escolares e vitais tan dispares. No segundo encontro, debaten desde os seus puntos de vista acerca de cal debe ser o papel da educación contemporánea. As conclusións ás que cheguen conxuntamente son recollidas para realizar unha achega orixinal e diferente que enriqueza o debate educativo.

INSCRICIÓN

A solicitude poderase realizar a través do correo-e envejecimientoactivo@afundacion.org no primeiro trimestre escolar. Os encontros terá lugar no segundo trimestre.

Preferencia para centros escolares situados nas localidades onde Afundación dispón de Espazos +60 (A Coruña, Betanzos, Ferrol, Lugo, Monforte, Ourense, Pontedeume, Pontevedra, Santiago, Vigo e Viveiro).

Guías didácticas dispoñibles para consultar e descargar [aquí](#)

Máis información na páxina web referida.



FORMACIÓN PARA DOCENTES



APRENDER A PROGRAMAR É DOADO E SINXELO!

COMPUTER SCIENCE FUNDAMENTALS EXPRESS

Programa de formación en liña | DOCENTES DE PRIMARIA, SECUNDARIA E C.F. | DE BALDE!
Unha iniciativa de Afundación, Obra Social ABANCA, en colaboración con CODE.org

Este programa ten como obxectivo que a docencia de calquera materia adquira coñecementos de programación e pensamento computacional. Aínda que non se teña formación previa, con este sistema pódese aprender a programar de forma sinxela e divertida.

Cada docente, que impacta a decenas de nenas e nenos ao ano, con esta formación traslada e fomenta a lóxica, a creatividade, o pensamento crítico ou a resolución de problemas.

CS Fundamentals Express é un curso de 28 horas de duración, en liña e titorizado, que foi deseñado por Code.org.

Ademais, desde Afundación articulamos un programa de 30 bolsas para a realización deste curso, de forma que non ten custe para as persoas participantes.

CODE.org é unha organización referente a nivel mundial na ensinanza de programación.
<https://code.org/about>

Máis información e reservas no 986 129 032 ou en areaeducativa@afundacion.org





CONFERENCIAS EDUCACIÓN S. XXI



ESCOLARES (actividade presencial | centros afundación)

SAÚDE MENTAL COA REAL ACADEMIA GALEGA DE MEDICINA

Suicidio, a única saída?, autolesións, efectos do acoso escolar | DE BALDE!

13 OUT 2022 | Sede Afundación SANTIAGO DE COMPOSTELA

ADOLESCENTES E TECNOLOXÍA CON PATRICIA GÓMEZ SALGADO

Encontro con motivo da obra de teatro para escolares AMANTIS

ESO, BACHARELATO E C.F. | DE BALDE!

9 NOV 2022 | Sede Afundación SANTIAGO DE COMPOSTELA

CREATIVIDADE CON PATRICIA GARCÍA

Eu non teño creatividade/ non teño imaxinación | DE BALDE!

17 NOV 2022 | Sede Afundación PONTEVEDRA

SAÚDE DIXITAL E ADICCIÓNS CON MANUEL ISORNA

As neuronas que van morrer, saúdanvos | ESO, BACHARELATO E C.F. | DE BALDE!

25 NOV Sede Afundación OURENSE | 16 DEC Sede Afundación LUGO

SAÚDE FINANCEIRA CON CARLOTA SÁNCHEZ-MONTAÑA

Money, money, money... | DE BALDE!

XAN 2023 | Sede Afundación VIGO (Tamén en STREAMING!)

FAMILIAS (actividade presencial | centros afundación)

CREATIVIDADE CON PATRICIA GARCÍA

Familias, docentes e público xeral

17 OUT 2022 | Sede Afundación FERROL

AÚDE DIXITAL CON ANTONIO RIAL

Familias, docentes e público xeral

3 NOV 2022 | Sede Afundación PONTEVEDRA

PAT YONGPRADIT (Director académico DE CODE.org)

Familias, docentes e público xeral

21 NOV 2022 | Sede Afundación A CORUÑA

SAÚDE MENTAL COA REAL ACADEMIA GALEGA DE MEDICINA

Familias, docentes e público xeral


14 DEC 2022 | Sede Afundación SANTIAGO DE COMPOSTELA

A evidencia demostrou que o alumnado que aprende as Ciencias da Computación (CC) obtén mellores resultados nas probas de creatividade, resolución de problemas, habilidades matemáticas, metacognición, habilidades espaciais e habilidades de razoamento.



AFUNDACIÓN TV

Preme na pantalla e accede a **contidos didácticos** e ao **catálogo de conferencias!**





LITERATURA E CONTOS



Neste curso continuaremos coa oferta de visitas escolares. O centro ofrece, ademais, un amplo e completo programa de actividades de animación lectora, con sesións de contacontos, obradoiros, presentacións de libros, conferencias, exposicións bibliográficas, escolmas temáticas, etc. Ademais, seguirase completando o fondo bibliográfico coas novidades máis salientables do panorama literario actual.

Unha biblioteca especializada en literatura infantil e xuvenil que conta con máis de 21 600 libros e 750 DVD. Un espazo único para compartir, aprender, divertirse, crear e soñar.

VISITAS ESCOLARES

Actividade de dinamización e divulgación lectora para escolares de infantil, primaria e secundaria.

Desde outubro. Luns a venres 10.00 h
Previa reserva

OUTRAS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN

Sen reserva previa

- **Hora do Conto**
4 a 8 anos
Martes. 18.30 h
- **Obradoiros de dinamización**
Temáticos de animación á lectura
A partir de 4 anos. Actividade semanal
- **Exposicións bibliográficas**
Informativas e divulgativas
Para toda a rapazada
Actividade mensual

CONTACONTOS FINANCEIRO

Actividade mensual | DE BALDE!

Na Biblioteca en Santiago de Compostela, tomamos como referencia un conto de literatura infantil e analizamos a súa ensinanza final en relación a un concepto de educación financeira.

Máis información:
biblio.santiago@afundacion.org | 981 593 467

Frei Rosendo Salvado, 14-16
biblio.santiago@afundacion.org
981 593 467





LABORATORIO DE FOTOGRAFÍA



O ESPELLO DE CLAUDE. Laboratorio de fotografía e identidade con Fuco Reyes

3º E 4º ESO, BACHARELATO E C.F. | 5 € escolar
PREVIA CITA | ITINERANTE

Esta actividade ten como obxectivo explorar desde a fotografía aspectos clave na etapa da adolescencia como a construción da identidade, a autoimaxe, a autoestima, a xestión das emocións e a motivación. Todos eles procesos determinantes no desenvolvemento persoal e na aprendizaxe.

O laboratorio ten unha formulación práctica e experiencial, a través de dinámicas de grupo, xeración de fotografías por parte do alumnado, e técnicas de creatividade.

A actividade estrutúrase en dúas partes:

1. Nas sesións de traballo co grupo na que se expoñen os diferentes temas, visualízanse imaxes propias e de autores e autoras recoñecidas.
2. Desenvolvemento dun pequeno proxecto artístico que permita plasmar como sente e pensa a adolescencia en relación a temas que lle son importantes.

O Espello de Claude fai referencia a un dispositivo (un pequeno espello negro de forma convexa) que se utilizaba no s. XVIII para mirar de maneira indirecta a paisaxe. O espello negro provocaba un efecto de luz similar ás pinturas de Claudio de Lorena. Curiosamente, é un obxecto moi similar a un teléfono cando ten a pantalla apagada, que nos permite ver o noso reflexo na superficie negra. Unha interesante analogía que nos leva a vérmonos e a ollar o mundo con todas as implicacións que iso ten.

Impartido por FUCO REYES, fotógrafo, psicólogo e profesor de fotografía de recoñecido prestixio.

Máis información e reservas no 986 129 032 ou en areaeducativa@afundacion.org



NORMAS PARA INSCRIBIRSE

Na escolla das actividades poderanse combinar distintas disciplinas.

ARTES ESCÉNICAS

- A solicitude farase a través do formulario de peticións na web: www.escolares.afundacion.org
- Prazo de reservas ata o 30 de setembro 2022
- Solicitarase praza para un máximo de 150 escolares por centro e actividade (100 para A Coruña e Ferrol por cuestións de capacidade).
- Prezo: 2,5 € escolar, 15 € por nivel se é en *streaming*. O importe total ingresarase no número de conta ES 91 2080 5000 61 3040323643, indicando o código de ingreso, que comunicaremos previamente desde Afundación canda a asignación de actividades. O prazo límite para o pagamento é de 1 semana antes de comezar a actividade.
- Desde Afundación enviarase correo-e ao centro para informar da asignación de actividades. Así mesmo, cada centro deberá confirmar esta asignación a través da web.
- Hai guías didácticas dispoñibles para consultar e descargar na web.
- Máis información nos teléfonos 986 120 089 e 986 120 078 ou en escolares@afundacion.org

ARTES PLÁSTICAS

- A solicitude farase a través do teléfono da Sede Afundación correspondente
- Non existe prazo de reservas.
- O máximo de prazas marcarao cada actividade de xeito independente.
- Prezo: 2 € escolar. O pagamento poderase efectuar no momento de asistencia á actividade ou ben ingresalo no número de conta indicado máis arriba. Neste caso non se precisa código de ingreso
- Máis información no 986 129 032 ou en areaeducativa@afundacion.org

NATURNOVA

- A solicitude poderase realizar a través de www.escolares.afundacion.org, no correo-e naturnova@afundacion.org ou no 986 120 088
- Non existe prazo de reservas
- Cada centro poderá reservar para tantos grupos como desexe
- De se facer a solicitude a través da web ou por correo-e, indicar en Observacións o nome da actividade concreta á que se desexa asistir; no seu defecto, considerarase como petición de Visita Interactiva
- Revisar os requisitos de cada actividade
- O pagamento poderase efectuar no momento de asistencia á actividade ou ben ingresalo no número de conta indicado máis arriba. Neste caso non se precisa código de ingreso
- Hai guías didácticas dispoñibles para consultar e descargar en www.naturnova.afundacion.org
- Máis información na páxina web referida



CENTROS AFUNDACIÓN

Sede Afundación A CORUÑA

Cantón Grande, 8 | areaeducativacoruna@afundacion.org | 981 185 060

Sede Afundación FERROL

Praza da Constitución, s/n | areaeducativaferrol@afundacion.org | 981 330 280

Sede Afundación LUGO

Praza Maior, 16 | areaeducativalugo@afundacion.org | 982 289 096

Sala de exposicións Afundación OURENSE

Praza Maior, 4 | areaeducativaourense@afundacion.org | 988 391 746

Sede Afundación PONTEVEDRA

Augusto González Besada, 2 | areaeducativapontevedra@afundacion.org | 986 100 404

CAFÉ MODERNO Afundación

Praza de San Xosé, 3 | areaeducativapontevedra@afundacion.org | 986 333 210

Sede Afundación SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa do Vilar, 19 | areaeducativacompostela@afundacion.org | 981 552 577

BIBLIOTECA INFANTIL SANTIAGO DE COMPOSTELA

Frei Rosendo Salvado | biblio.santiago@afundacion.org | 981 593 467

Sede Afundación VIGO

Policarpo Sanz, 26 | areaeducativavigo@afundacion.org | 986 129 032

NATURNOVA VIGO

Velázquez Moreno, 18 | naturnova@afundacion.org | 986 120 088

//Afundación

Obra Social ABANCA